

Artigo primeiro.

O artigo 109 do Código Civil queda redactado nos seguintes termos:

«A filiación determina os apelidos conforme o disposto na lei.

Se a filiación está determinada por ambas liñas, o pai e maila nai de común acordo poderán decidi-la orde de transmisión do seu respectivo primeiro apelido, antes da inscrición rexistral. Se non se exercita esta opción, rexerá o disposto na lei.

A orde de apelidos inscrita para o maior dos fillos rexerá nas inscricións de nacemento posteriores dos seus irmáns do mesmo vínculo.

O fillo, ó alcanza-la maioría de idade, poderá solicitar que se altere a orde dos apelidos.»

Artigo segundo.

O artigo 54 da Lei do 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil, queda redactado nos seguintes termos:

«Na inscrición expresárase o nome que se lle dá ó nacido, se ben non poderá consignarse máis dun nome composto, nin máis de dous simples.

Quedan prohibidos os nomes que obxectivamente prexudiquen a persoa, así como os diminutivos ou variantes familiares e coloquiais que non alcanzasen substantividade, os que fagan confusa a identificación e os que induzan no seu conxunto a erro en canto ó sexo.

Non se lle pode impor ó nacido nome que teña un dos seus irmáns, a non ser que falecese, así como tampouco a súa tradución usual a outra lingua.

Por petición do interesado ou do seu representante legal, o encargado do Rexistro substituirá o nome propio daquel polo seu equivalente onomástico en calquera das linguas españolas.»

Artigo terceiro.

O artigo 55 da Lei do 8 de xuño de 1957, do Rexistro Civil, queda redactado nos seguintes termos:

«A filiación determina os apelidos.

Nos supostos de nacemento cunha soa filiación recoñecida, esta determina os apelidos, podendo o proxenitor que recoñeza a súa condición de tal determinar, no momento da inscrición, a orde dos apelidos.

A orde dos apelidos establecida para a primeira inscrición de nacemento determina a orde para a inscrición dos posteriores nacementos con idéntica filiación.

Alcanzada a maioría de idade, poderase solicitar-la alteración da orde dos apelidos.

O encargado do Rexistro imporalle un nome e uns apelidos de uso corrente ó nacido a filiación do cal non os poida determinar.

O encargado do Rexistro, por petición do interesado ou do seu representante legal, procederá a regularizar ortograficamente os apelidos cando a forma inscrita no Rexistro non se adecue á gramática e fonética da lingua española correspondente.»

Artigo cuarto.

Engádesse unha disposición adicional segunda á Lei do Rexistro Civil co seguinte texto:

«En tódalas peticións e expedientes relativos á nacionalidade e ó nome e ós apelidos, as solicitudes dos interesados non poderán entenderse estimadas por silencio administrativo.»

Disposición transitoria única.

Se no momento de entrar en vigor esta lei os pais tivesen fillos menores de idade dun mesmo vínculo poderán, de común acordo, decidi-la anteposición do apelido materno para tódolos irmáns. Agora ben, se estes tivesen suficiente xuízo, a alteración da orde dos apelidos dos menores de idade requirirá aprobación en expediente rexistral, no que estes deberán ser oídos conforme o artigo 9 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro.

Disposición derogatoria única.

Queda derogado o artigo segundo da Lei 17/1977, do 4 de xaneiro, sobre reforma do artigo 54 da Lei do Rexistro Civil. Así mesmo quedan derogadas cantas disposicións xerais se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira única.

A presente lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Dentro do prazo indicado, o Goberno procederá a modifica-lo Regulamento do Rexistro Civil no que resulte necesario para adecualo ó previsto na presente lei.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de novembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

21570 *REAL DECRETO LEI 18/1999, do 5 de novembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito por importe total de 27.156.252.160 pesetas, para atender obrigas derivadas de gastos de investimento do Ministerio de Fomento, e se adoptan medidas urxentes referentes á rebaixa das tarifas das autoestradas de peaxe.* («BOE» 266, do 6-11-1999, e 271, do 12-11-1999.)

Este real decreto lei ten por obxecto a concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de 27.156.252.160 pesetas, para atender obrigas derivadas de gastos de investimento do Ministerio de Fomento a satisfacción dos cales non é posible demorar a exercicios futuros.

Dunha parte, resulta imprescindible atende-lo pagamento de diversas obrigas xeradas en exercicios anteriores, que non tiveron crédito no exercicio en que se produciu a súa xeración, para o cal deben concederse os oportunos créditos extraordinarios por un importe total de 9.342.252.160 pesetas.

Por outro lado, cómpre así mesmo conceder un suplemento de crédito de 17.814.000.000 de pesetas, co fin de satisfacer-lo importe das expropiacións e servizos do Eixe Transversal de Cataluña, obra viaria declarada de interese xeral pola disposición adicional vixésimo sexta da Lei 65/1997, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1998.

A extraordinaria e urxente necesidade da concesión destes créditos deriva, dunha parte, de que a demora no pagamento destas obrigas xeradas en exercicios anteriores suporía un grave prexuízo para os acredores e de que a propia dinámica orzamentaria esixe que non se atrase a súa aplicación a orzamento; e, doutro lado, da necesidade de outorga-la imprescindible cobertura

crediticia ás obrigas xeradas nos devanditos exercicios, de acordo co establecido no artigo 63 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, segundo a redacción dada pola Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria.

Por outra parte, resulta imprescindible concluí-la operación á que, trala declaración de interese xeral realizada pola disposición adicional vixésimo sexta da Lei 65/1997, se deu cobertura en parte mediante o Real decreto lei 12/1998, do 18 de setembro, relativa ó Eixe Transversal de Cataluña, consignando o importe relativo ó custo dos terreos e dos servizos afectados, para consolidar esa condición que é indispensable para proceder ó seu desdobremento e transformación futura en autovía coas características propias da Rede de Autovías do Estado.

Así mesmo, este real decreto lei esténdese á adopción de certas medidas referentes á forma de execución da rebaixa das tarifas das autoestradas de peaxe prevista no artigo 8 do Real decreto lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia. A extraordinaria e urxente necesidade da adopción destas medidas deriva da esixencia da súa inmediata aplicación, co fin de que non se atrase a produción dos efectos económicos ós que van dirixidas respecto da redución das tarifas aboadas polos usuarios das autoestradas de peaxe, co subseguinte efecto antiinflacionista.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de novembro de 1999,

DISPONGO:

Artigo 1. *Concesión de créditos extraordinarios para atender obrigas xeradas en exercicios anteriores.*

Un. Para atender obrigas xeradas en exercicios anteriores, derivadas de liquidacións, xuros de demora e expropiacións, correspondentes a obras de infraestrutura do transporte ferroviario, concédese un crédito extraordinario ó vixente orzamento da sección 17, «Ministerio de Fomento», servizo 20 «Secretaría de Estado de Infraestructuras e Transportes», programa 513A «Infraestructura do transporte ferroviario», artigo 60 «Investimento novo en infraestructuras e bens destinados ó uso xeral», concepto 603 «Para atender obrigas xeradas nos exercicios 1997 e 1998», por importe de 1.716.096.580 pesetas.

Dous. Para atender obrigas xeradas en 1997, derivadas de expedientes de expropiacións, modificación de servizos e xuros de demora correspondentes a obras de infraestructuras de estradas, concédese un crédito extraordinario ó vixente orzamento da sección 17, «Ministerio de Fomento», servizo 38 «Dirección Xeral de Estradas», programa 513.D «Creación de infraestructuras de estradas», artigo 60 «Investimento novo en infraestructuras e bens destinados ó uso xeral», concepto 608 «Para atender obrigas xeradas no exercicio 1997», por importe de 7.626.155.580 pesetas.

Artigo 2. *Concesión dun suplemento de crédito para atender-lo pagamento do importe das expropiacións e servizos do Eixe Transversal de Cataluña.*

Para atender-lo pagamento do importe das expropiacións e servizos do Eixe Transversal de Cataluña, declarado de interese xeral pola disposición adicional vixésimo sexta da Lei 65/1997, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1998, concédese un suplemento de crédito ó vixente orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento», servizo 38 «Dirección Xeral de Estradas», programa 513D «Creación de infraestructuras de estradas», capítulo 6 «Investimentos reais», artigo 60 «Investimento novo en infraestructuras e bens destinados ó uso xeral», concepto 601 «Outras», por importe de 17.814.000.000 de pesetas.

Artigo 3. *Execución da medida de rebaixa das tarifas das autoestradas de peaxe prevista no artigo 8 do Real decreto lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia.*

Un. As administracións públicas concedentes das autoestradas de peaxe poderán executa-la medida prevista no artigo 8 do Real decreto lei 6/1999, do 16 de abril, de medidas urxentes de liberalización e incremento da competencia, mediante rebaixas selectivas e non lineais das tarifas satisfeitas polos usuarios en cada unha das concesións e tramos das autoestradas da súa competencia, co fin de afondar no proceso de homoxeneización tarifaria. En todo caso, a rebaixa ponderada por ingresos de peaxe das tarifas aplicables respecto do conxunto de concesionarios e tramos das autoestradas de competencia de cada Administración pública concedente deberá ser do 7 por 100 respecto das que estivesen anteriormente en vigor.

Dous. A previsión contida no punto anterior será aplicable desde o mesmo momento en que comezase ou comece a executarse a medida de rebaixa de tarifas de peaxe prevista no artigo 8 do Real decreto lei 6/1999, incluíndo, se é o caso, as reducións correspondentes ó exercicio de 1999.

Artigo 4. *Financiamento dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito.*

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se conceden nos artigos 1 e 2 deste real decreto lei financiaranse con débeda pública, de conformidade co disposto no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de novembro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

(Este real decreto lei inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 271, de data 12 de novembro de 1999.)